

O 16 de novembro celebramos o **Día do Patrimonio Mundial e Natural**, data que conmemora a firma en París da Convención sobre Patrimonio de 1972.

A Rede Museística da Deputación de Lugo conta con cinco elementos declarados Ben de Interese Cultural (BIC): o Convento de San Francisco (1931), San Paio de Narla (1949), o Museo Provincial de Lugo (1962), a Colección de Ourivería de Álvaro Gil Varela (2015) e o Pazo de Tor (2018). Apostamos tamén porque o Museo Provincial do Mar sexa tamén un posible BIC, xa que agrupa no mesmo espazo o patrimonio material e inmaterial dunha forma de ser e sentir, como edificio, contido e comunidades da súa contorna.

Na Rede Museística Provincial traballamos para que a educación, a conservación e a difusión do noso Patrimonio sexan unha auténtica posta en valor todos os días do ano. Polo tanto, non imos restrinxirnos a un único día, e así presentamos un programa integral de continuidade no que colocamos no centro o maior patrimonio dos nosos museos, todas as nosas comunidades: escolar, familiar, senior, mocidade, visitantes e terceiro sector.

Deste xeito, presentamos unha plataforma educativa multicanle na que ofrecemos actividades destinadas a familias e á comunidade escolar, visitas inmersivas para todos os públicos, *escape rooms* e visitas accesibles desde o teléfono.

Igualmente, durante todo o mes de novembro, abrimos á participación nun programa completo sobre a nosa riqueza Patrimonial: conferencias, encontros *online*, achegas en redes sociais e visitas inmersivas, onde o maior expoñente é o público.



Programa

Día 5 de novembro ás 17:00 horas

- **V Xornadas Lucenses de Accesibilidade ao Patrimonio** a través da plataforma ZOOM. Relatorio *online* a cargo de Encarna Lago, que falará "**Tempos de Pandemia Luces e sombras na inclusión de museos**"

Día 9 de novembro de 2020.

- **Proxección externa da Rede Museística Provincial:**
 - Participación na segunda edición do **Encontro da Rede de Museos do Médio Tejo, Portugal**. Relatorio de Encarna Lago sobre "**Educación de museos en tempos de pandemia.**"

- Participación na **I Xornadas de Educación Patrimonial e Museos** a través de zoom organizadas polo Museo Provincial de Pontevedra. Relatorio a cargo de Encarna Lago. **"Programas de acción cultural e educación da RMPL: Plataforma comunidadermpl."**

Día 16 de novembro, ás 12:00 horas.

- Relatorio da Catedrática de Historia da Arte Ana Goy Diz, que falará sobre: ***A qué nos compromete unha declaración de BIC o de Patrimonio Mundial/ Como afecta a un bien una declaración de BIC ou Patrimonio Mundial.***
- **ConversARTE na Rede:**
Dirixida a todos os públicos. Charlas participativas *online* ao redor dunha peza de Museo. A través da plataforma ZOOM.
 - ***"A Guía Postal de Lugo" de Maruja Mallo. Os nosos tesouros."***

Día 10 de 17:00 a 18:00 horas.

- ***"O Torques de Burela, a colección de orivería antiga e popular. De xoias e novos valores."***

Día 17 de novembro, de 17:00 a 18:00 horas

- ***"Raiña da panoplia do Rock'n'Roll"*** de Paco Pestana.

Día 24 de novembro, de 17:00 a 18:00 horas

- ***"Querémonos vivas."***

Día 1 de decembro, de 17:00 a 18:00 horas

- ***"O repudio de Agar". Xente das marxes.***

Día 17 de novembro, ás 12:00 horas, no Museo Pazo de Tor

- Vídeos sobre a difusión e conservación do **Patrimonio cultural da Ribeira Sacra** a través dalgúns dos seus protagonistas. ***O Pazo de Tor como paradigma da civilización pacega: un BIC na Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade.*** En Zoom e directo a Facebook.

Do 9 ao 29 de novembro.

- **Patrimonio, ORGULLO DO MEU LAR.**
Queremos que compartas connosco a través das redes sociais o Patrimonio da provincia de Lugo a través do teu sentir. Utilizando os hashtags #Patrimoniolucense #Redemuseistica #MuseoProvincialdoMar #MuseoProvincialdeLugo #SanPaiodeNarla #PazodeTor.
- **Dende os ollos dos nenxs**
Dirixida ao público infantil, manda un debuxo do Patrimonio da túa zona, que será compartido nas nosas redes sociais. Deberanse enviar ao correo redemuseistica@gmail.com entre o día 9 e o 29 de novembro, especificando nome e procedencia.

Día 15 novembro, ás 13:00 horas.

- ***Oficios en extinción, a voz do último carpinteiro de Ribeira.***

Difundiremos a través de vídeo o traballo do último carpinteiro de Ribeira da Mariña Lucense, Paco Fra, desde o facebook do Museo Provincial do Mar.

Día 16 novembro ás 13:00 horas.

- ***Patrimonio mariñeiro en feminino.***

Poñemos en valor o labor da mulleres da Mariña, en especial as mariscadoras e a traballadoras da última factoría baleeira, cun vídeo que se proxectará desde o facebook do Museo Provincial do Mar.

Día 30 novembro, ás 13:00 horas.

A muralla no museo. Percorrido virtual para familias.

Durante todo o mes de novembro.

- ***Visitas inmersivas:*** a través da plataforma online zoom aos catro museos da rede, previa concertación a través dos teléfonos respectivos de cada un dos museos.
- ***Feito para ti:*** visitas telefónicas para maiores ou persoas dos colectivos de discapacidade, concertación chamando ao telefono dos catro museos. A concertación a poden facer os/as propios interesados/as formando parte do Club Sénior, a través dunha asociación ou a través das traballadoras sociais dos concellos.

Museo Provincial de Lugo

982 242 300 / 982 242 112 info@museolugo.org

Museo Fortaleza San Paio de Narla

982 375 156 sanpaiodenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar

982 59 45 72 / museodomar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor

982 165 534 pazodetor@museolugo.org

Xerencia Rede Museística

699 836 883 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

redemuseisticalugo.org



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
